

**OS CAMPOS MARCADOS CUN \* SON DE OBRIGADO CUMPRIMENTO. CUBRIR CON LETRAS MAIÚSCULAS**

1. DATOS DO SOLICITANTE OU REPRESENTANTE			
Nome e apelidos*		DNI/NIF/NIE*	
Representante		DNI/NIF/NIE	
Dirección notificación*			
Localidade*	C.P.*	E-mail*	Teléfono*
2. LOCALIZACIÓN DA PARCELA MATRIZ			
Dirección*			
Referencia catastral*			
3. RESULTADO DA SEGREGACIÓN			
Nº parcelas resultante*		Superficie de cesión viario (m <sup>2</sup> )*	
Superficies brutas (m <sup>2</sup> )*		Superficies netas (m <sup>2</sup> )*	
Parcela matriz		Parcela matriz	
Parcela A		Parcela A	
Parcela B		Parcela B	
...		...	

Conforme ao disposto na Lei Orgánica 15/1999 de 13 de decembro de protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de maneira confidencial e poden ser incorporados aos correspondentes ficheiros do Concello de Tomiño. En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición coa comunicación por escrito ao Rexistro do Concello de Tomiño.

**DECLARO BAIXO A MIÑA EXCLUSIVA RESPONSABILIDADE** que é certo o que manifesto e, en todo caso:

- Que son certos todos os datos recollidos neste impreso.
- Que se achega **TODA** a documentación preceptiva que se indica ao reverso.

**E AUTORIZO** aos efectos da normativa de protección de datos de carácter persoal, a esta administración á comprobación telemática con outras Administracións Públicas de datos declarados e demais circunstancias relativas á licenza solicitada.

Tomiño, a ..... de ..... de 20.....

Sinatura do solicitante: Nome e DNI

**EN CASO DE PRESENTACIÓN TELEMÁTICA ESTE MODELO DEBERÁ ESTAR ASINADO ELECTRÓNICAMENTE**

**DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA XUNTO COA SOLICITUDE  
(riscar cun “x” os documentos que se achegan)**

**Documentación xeral:**

- Fotocopia do DNI do solicitante e do seu representante, no seu caso.
- No caso de representación, documento acreditativo da mesma.
- Xustificante de pagamento dos tributos municipais.
- Copia compulsada da escritura de propiedade da parcela.
- Compromiso de cesión da superficie necesaria para a regularización do viario.
- Reportaxe fotográfica da parcela, subscrita polo solicitante e polo técnico redactor do proxecto.
- Autorizacións sectoriais previas preceptivas.

**PROXECTO TÉCNICO:**

- Proxecto técnico de segregación, parcelación ou división de terreos redactado e asinado por técnico competente coa seguinte documentación como mínimo:
  - Memoria urbanística: xustificación da ordenanza e da normativa do PXOM, descrición das parcelas resultantes con expresión das súas superficies, lindeiros e localización. Ademais incluírá a descrición das edificacións existentes na parcela, coas superficies construídas, alturas e o cálculo da edificabilidade consumida e da ocupación; así como a identificación das posibles situacións de fóra de ordenación.
  - Memoria xustificativa, que comprenderá a finalidade ou o uso a que se pretendan destinar os lotes propostos e a súa adecuación ao planeamento urbanístico aplicable e ao réxime legal de formación de parcelas e predios.
  - Pro forma do documento público ou privado no que se reflicta a división de terreos ou a operación xurídica asimilada que se solicite.
  - Plano de situación da parcela matriz, a escala axeitada (mínimo 1/500) e con base cartográfica topográfica, indicando os seus lindeiros, as construcións existentes e con indicación da súa referencia catastral.
  - Plano de perfís lonxitudinal e transversal do terreo no que consten os lindeiros e viarios.
  - Plano de deslinde acoutado da parcela orixinal, a escala axeitada (mínimo 1/500), no que se reflicta a aliñación oficial e se delimite a parcela (ou parcelas) fóra da aliñación e que serán obxecto de cesión, indicando a súa superficie.
  - Plano acoutado de parcelamento á mesma escala, indicando a superficie e lindeiros das fincas resultantes, así como as construcións existentes.
  - Superposición do plano parcelario sobre un plano de cualificacións urbanísticas.
  - Fichas descritivas dos lotes resultantes, incluídas as relativas aos terreos destinados a sistemas urbanísticos que se teñan que ceder, se procede. As fichas terán que especificar os límites, a cabida e a cualificación urbanística de cada lote, así como a súa calidade de indivisible, se procede.
  - No caso de proxectos sen visado colexial: declaración responsable (ou certificado colexial) do técnico redactor do proxecto, no que figuren os seus datos persoais e profesionais de forma que permita a súa identificación e na que se acredite que non está inhabilitado ou incurso en causa de incompatibilidade.

**INFÓRMASE QUE** consonte co disposto no apartado 3 do artigo 143 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia: ***unha vez presentado ante o concello, o proxecto adquire o carácter de documento público, e o seu autor responde da exactitude e veracidade dos datos técnicos consignados nel.***

Toda a documentación solicitada ten carácter enunciativo non exhaustivo nin excluínte de calquera outra que o técnico informante crea necesaria para o correcto entendemento e avaliación da solicitude realizada.